

MANUAL DO PROCEDIMENTO DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE GALICIA -RIDEGA- (DE001A)

NORMATIVA APLICABLE

- Decreto 52/2022, do 28 de abril, polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (DOG nº 91 do 11 de maio de 2022).
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220511/AnuncioG0595-030522-0001_gl.html
- Corrección de erros. Decreto 54/2022, do 28 de abril, polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (publicado por erro como Decreto 52/2022) (DOG nº 96 do 19 de maio de 2022).
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220519/AnuncioG0595-180522-1_gl.html

COMO INSCRIBIR UNHA INSTALACIÓN DEPORTIVA NO RIDEGA

A responsabilidade de solicitar a inscrición pertence ao responsable patrimonial da instalación deportiva. Este proceso de inscrición consta dos seguintes 3 pasos:

- 1º) SOLICITUDE INSCRIPCIÓN
- 2º) DARSE DE ALTA EN ACTIFS
- 3º) VALIDACIÓN DE DATOS

1º) SOLICITUDE INSCRIPCIÓN

Solicitar en sede.xunta.gal: [DE001A](#) “Inscripción no Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia”.

a) Para unha única instalación deportiva: cubrir a solicitude na sede (**anexo II**).

b) Para varias instalacións deportivas: cubrir a solicitude na sede (**anexo II**), e axuntar a folia de calculo dispoñible na sede en anexos asociados (**listado de instalacións**).

c) Taxas: -Entes públicos territoriais ou institucionais (concellos, deputacións etc.): exentos¹
-Resto de entidades: Taxa (30.02.00) de inscrición en rexistros (primeira inscrición: 10.26 €).

2º) ALTA EN ACTIFS

a) Unha vez aberto o procedemento na sede electrónica, as entidades deberán darse de alta na plataforma dixital que da soporte ao rexistro de instalacións na dirección <https://actfis.xunta.gal/>

b) Co seu usuario e contrasinal, deberán acceder a plataforma e proceder a cubrir os datos das súas instalacións deportivas.

ACCESO: -Entidades e autónomos (CAS externos) <https://actfis.xunta.gal> premendo o botón Acceso
-Administradores e servizos provinciais (CAS interno Xunta) <https://actfis.xunta.gal/admin>

c) Os solicitantes accederán á plataforma para cubrir os datos das instalacións deportivas, identificando previamente se é unha instalación única (*pavillón polideportivo ou campo de fútbol illado*) ou se é unha instalación deportiva múltiple (*complexo deportivo composto de varias instalacións deportivas*).

d) As entidades deben cubrir todos os apartados referidos en cada un dos bloques de información requiridos na plataforma.

e) As actividades e servizos ofertadas nunha instalación serán subidos pola entidade responsable das mesmas (clubs deportivos, asociacións etc.), dende o apartado “subir unha actividade”, previa carga en RIDEGA da instalación por parte da entidade que ostenta a titularidade da mesma.

f) Se a entidade que ostenta a titularidade patrimonial da instalación é a mesma que realiza as actividades ou servizos, tamén deberán subir esas actividades ou servizos dende o mesmo apartado, vinculándose con esa instalación.

¹Art. 23.7 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º) VALIDACIÓN DE DATOS NA PLATAFORMA ACTFIS

Cando unha entidade que ostenta a titularidade patrimonial dunha instalación teña cuberto todos os datos dunha instalación (unha ou varias) poderá iniciar a través da plataforma o proceso de solicitude de validación, premendo na casíña de verificación correspondente e dándolle a *validar*. **Ese documento de validación deberá ser asinado e subido á sede electrónica, na carpeta do procedemento aberto (DE001A).**

COMPLETADO ESTE 3º PASO, QUEDA COMPLETADO O PROCESO DE INSCRIPCIÓN.

Certificación do rexistro de instalación

Rematado o proceso de inscrición por parte da entidade, o servizo provincial de deportes correspondente procederá a certificar unha instalación no momento no que se valida na plataforma ACTFIS, revisando a información cargada e emitindo o documento de certificación (se procede), que será remitido por "Notifica.gal" á entidade solicitante.

CONTACTO

Para incidencias técnicas da plataforma ACTFIS: soporte-deporte@plexus.services

Para o proceso de inscrición:

- Servizo Provincial de Deportes da Coruña: 881 960 771 / 68 (deportes.coruna@xunta.gal)
- Servizo Provincial de Deportes de Lugo: 982 294 566 (deportes.lugo@xunta.gal)
- Servizo Provincial de Deportes de Ourense: 988 386 050 (deportes.ourense@xunta.gal)
- Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra: 886 218 281 (deportes.vigo@xunta.gal)